

CIRCULAR 31-2017

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBES DE PROBAS

COMBINADAS (de cadete a absoluto)

CAMPIONATO DE GALICIA DE VETERÁNS DE PROBAS

COMBINADAS

Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra), 8 e 9 de Abril do 2017

Art.1) Os días 8 e 9 de Abril terá lugar o Campionato de Galicia de clubs de probas combinadas (cadete até absoluto) e o Campionato de Galicia de veteranos de probas combinadas en Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra). O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Pontevedra.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa, senior e veterán situados entre os 8 primeiros do ranking galego e que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2016/17) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Segundo acordo da Asamblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

Art.3.) No Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas poderán participar todos aqueles equipos masculinos ou femininos que inscriban un mínimo de 3 atletas en cada sexo. Os atletas que non formen equipo poderán participar se están situados entre os 3 primeiros do ranking galego. A puntuación farase, puntuando 3 atletas independentemente da súa categoría dende cadetes ata absolutos. Os clubs que non terminen con 3 atletas non puntuarán.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 28 de marzo do 2017.**

Art.5) Os tres primeiros atletas veteranos clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla. No Campionato de Galicia



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



de clubs de probas combinadas haberá trofeos para os tres primeiros clubs.

Art.6) Os atletas deberán retirar o seu dorsal ata 45 minutos antes do inicio da primeira proba.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértega que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8) O horario provisional do Campionato é o seguinte:

1ª xornada.- sábado 8 de abril

HOMES		HORARIO	MULLERES	
		16:00	100 V (0,76)	Cd
		16:30	100 V (0,76)	W40
		16:35	Altura	Cd
		16:45	100 V (0,76)	Jv
		16:55	100 V (0,84)	Jn/Pr/Sn/W35
100	Octathlon	17:00		
100	Decathlon	17:10		
		17:30	Altura	Jv/Jn/Pr/Sn/V
Peso	Octathlon	17:35	Peso	Cd
Lonxitude	Decathlon	17:45		
Altura	Octathlon	18:30		
Peso	Decathlon	18:30		
		19:00	Peso	Jv/Jn/Pr/Sn/V
Altura	Decathlon	19:30		
Disco	Octathlon	19:30		
		20:15	200	Jv/Jn/Pr/Sn/V
400	Decathlon	20:30		

Domingo:

HOMES		HORARIO	MULLERES	
100 V (0,91)	Cd	9:50	Lonxitude	Cd
100 V	M50/M65	9:55		
110 V (0,91)	Jv	10:00		
110 V (0,99)	Jun/M35-45	10:10		
110 V (1,06)	Pr/Sn	10:15		
Pértega	Octathlon	10:25		
Disco	Decathlon	10:50	Xavalina	Cd



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



		11:00	Lonxitude	Jv/Jn/Pr/Sn/V
Xavalina	Octathlon	11:20		
Pértega	Decathlon	11:30		
		12:10	Xavalina	Jv/Jn/Pr/Sn/V
		12:10	600	Cd
Xavalina	Decathlon	12:50		
1.000	Octathlon	13:00		
		13:10	800	Jv/Jn/Pr/Sn/V
1.500	Decathlon	13:30		

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexa inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

VictorArufeGiraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 27 marzo de 2017